



Concello da Coruña
Concellaría de Igualdade
e Participación Cidadá

Estimada Señora, Estimado Señor.

Como Vostede probablemente saiba, neste mes de abril será inaugurado o **Centro Cívico e Social de Mesoiro**. Esta infraestrutura fará posible o desenvolvemento de diferentes actividades e servizos, de carácter social e cultural, dirixidas a mellorar a calidade de vida das persoas que residen no barrio de Novo Mesoiro e nos seus arredores.

O **Centro Cívico e Social** deberá atender necesidades e demandas moi diversas. É necesario, por tanto, elaborar para o mesmo unha **programación de actividades** que responda do xeito máis axeitado á realidade do barrio.

A **Concellaría de Igualdade e Participación Cidadá** asumirá un papel activo na xestión dos servizos prestados por este Centro, en coordinación con outras Áreas do Concello, e desde o diálogo co tecido social do barrio.

É por isto que quixeramos convidarlles ao **Foro de participación veciñal** que se celebrará o vindeiro **sábado 24 de abril, de 10,30 a 13,00 h**, nas instalacións do Centro Cívico e Social de Novo Mesorio, situado na rúa Ancares, s/n.

Este Foro pretende reunir á veciñanza do barrio para identificar, a través de distintas técnicas de diálogo participativo, **que servizos e actividades se considera máis necesario que sexan desenvolvidas desde este Centro**.

É neste sentido que **solicitamos a súa participación**, por canto consideramos que as súas valoracións poden ser moi relevantes para o obxectivo deste Foro. Coa esperanza de facilitala, informámoslle que **durante o acto funcionará un servizo de animación para nenos e nenas**.

Esperando que todo o exposto sexa do seu interese, e agradecendo de antemán a atención que nos presta, reciba un cordial saúdo.

Margarida Vázquez Veras

Concelleira Delegada de Igualdade e Participación Cidadá